Para fomentar a creatividade literaria das persoas que estudan nos centros de ensino da comarca, o Concello de Verín, coa colaboración de GADIS, convoca o Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez.

BASES:

1.ª Poderán participar persoas matriculadas en **Primaria** (**5º** ou **6º**), **1º** e **2º** de **ESO,** e **3º** e **4º** de
ESO
en calquera dos
centros
da
comarca de Verín
.

2.ª O poema será **orixinal** e **inédito**, de **tema** e **estilo libre;** estará escrito **en galego**; presentarase cun
pseudónimo
e poderá levar “título”; e
non superará os 24 versos
. A persoa autora terá que concibilo para ser editado con caracteres tipográficos sobre un formato DINA4.

3.ª A fase de **preselección** realizarase segundo o **criterio** de cada **centro** participante, que poderá enviar á fase de selección un
máximo de 3 poemas
, creados por persoas distintas matriculadas no centro,
en cada unha das tres categorías
.

4.ª Os poemas preseleccionados en cada centro enviaranse a cultura@verin.gal**, antes das 12 h do día 5 de maio**
, en ficheiro en formato
PDF
que se denominará co
PSEUDÓNIMO
(utilizado pola persoa autora) seguido de

_P56
(se é de Primaria)
, _E12
(1º e 2º de ESO) ou
_E34
(3º e 4º de ESO).

5.ª O **Xurado Cualificador** estará composto por persoas con dereito a voz e voto, propostas pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Verín, e por un secretario, con voz e sen voto, que representará á organización. As súas **decisións** serán **inapelábeis**.

6.ª Todas as persoas autoras dos traballos **finalistas** recibirán un **diploma** e un **lote de libros**.

7.ª En cada unha das **tres categorías** entregaranse os seguintes premios: **90 euros** (**1º** premio),
60 euros
(
2º
premio) e
30 euros
(
3º
premio).
De estimalo o Xurado, algún poderá quedar deserto.

8.ª O **Concello de Verín** resérvase o **dereito de publicación** dos **poemas premiados con dotación económica** . As persoas autoras e as que legalmente as representen asinarán para iso unha declaración de responsabilidade acreditativa de que as obras son orixinais e inéditas; e autorizarán, de maneira expresa, para que, tanto na totalidade como parcialmente, o Concello de Verín (que respectará os dereitos morais das persoas autoras) as poida reproducir, comunicar e distribuír, en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e mentres estea autorizado pola lexislación vixente. Os premios en metálico consideraranse compensación económica pola cesión de dereitos.

9.ª Para incentivar a lectura e escritura **en galego**, os **centros** radicados no concello **de Verín,**
en cada un dos niveis que presenten tres traballos preseleccionados
que cumpran as Bases, recibirán un
bono
para adquisición de
libros
por importe de
60 euros
. Os
centros
radicados noutros concellos da comarca
, se o seu concello apoia esta proposta,
como
discriminación positiva
, por ter un número moito menor de persoas matriculadas, recibirán un
bono 20 de euros por traballo preseleccionado
.

10.ª A **organización** resérvase o **dereito** de **interpretar** ou **modificar** estas **Bases**, informando aos centros participantes.